

Mil cores para a poeta loitadora



Primeiras visitas á exposición. (Foto: Gonzalo García).

Domingo 23 de Febrero de 2014 | Diario de Pontevedra | Pontevedra

MARÍN. Ao longo da historia foi descrita como unha muller forte e loitadora, malia que moitos non dubidaban en referirse a ela como unha poeta chorona que derramaba bágoas e verbas por unha terra verde, a terra galega que tantos versos lle inspirou e pola que tantas inxustizas pelexou.

A Asociación Queremos Galego Marín considera que, nas circunstancias actuais, é preciso reivindicar máis que nunca a figura de Rosalía de Castro, unha muller «forte e loitadora que, coa súa obra, contribuíu á revalorización social e cultural do noso idioma, á vez que denunciaba a situación lingüística e social da Galicia do seu tempo», indican os representantes da asociación. Así, con motivo da conmemoración do nacemento da poeta galega, que se celebra cada 24 de febreiro, o colectivo marinense inaugurou hoxe a mostra 'Mil cores para Rosalía' no Museo Manuel Torres.

A homenaxe que a Asociación Queremos Galego Marín lle rinde a Rosalía nesta ocasión baséase nunha mostra de numerosas obras realizadas por ilustradores galegos nas que recolleron a súa particular visión sobre a figura da célebre autora galega. Entre os deseñadores destacan as pinturas de Gogue, Pepe Carreiro, Mario Rodríguez ou Luz Beloso.

No acto de inauguración, ademais de intervir algúns dos autores das ilustracións, tivo lugar unha actuación musical do cantautor marinense, Samu Acuña, quen foi quen de versionar diferentes versos dos poemas de Rosalía.

Os interesados poderán percorrer e analizar as diferentes visións sobre Rosalía plasmada en cores ata o vindeiro domingo, día 2 de marzo. A exposición 'Mil cores para Rosalía' poderá visitarse nos horarios habituais do Museo Manuel Torres, de martes a venres en horario de 11 a 14 horas e de 18 a 21 horas, e de sábado a luns en horario de 11 a 14 horas.

ceip seixo y bueu. Por outra banda, os alumnos do CEIP Seixo de Educación Infantil e Primaria farán unha saída na que entregarán uns pósters exclusivos co obxectivo de que sexan expostos na Praza de Abastos de Seixo, no Centro de Saúde e na Casa da Cultura con motivo da celebración. Así mesmo agasallarán poemas da escritora e chapas.

Non son poucos os concellos galegos os que lembrarán os cantares rosalianos. Sen saír do Morrazo, o Concello de Bueu aprobou na última sesión plenaria a proposta que a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) puxo sobre a mesa: declarar no municipio buenense o 24 de febreiro como Día de Rosalía, en homenaxe á insigne poeta galega.

Na localidade non faltarán os actos conmemorativos, posto que, a partir das 13 horas, a poeta Asun Estévez fará unha lectura de diferentes poemas de Rosalía de Castro no instituto de Educación Secundaria Johán Carballeira. Por outra banda, o alumnado do IES tamén quixo participar deste día tan relevante para as letras galegas mediante a montaxe dun vídeo relacionado coa poeta que hoxe cumpriría 177 anos.

A mostra recolle a visión de ilustradores como Gogue, Pepe Carreiro ou Luz Beloso sobre a figura de Rosalía de Castro

A muller que puxo voz ao pobo galego

A Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) botou man de numerosos argumentos para que o Concello de Bueu aprobara a declaración do Día de Rosalía de Castro na localidade. Entre eles destacan o considerar á poeta como a muller que retratou ao pobo galego na súa obra e ser quen de poñerlle voz ao

pobo de Galicia. O colectivo tamén lembrou que a escritora foi homenaxeada dende o século XIX polos galegos por «reclamar a redención da patria e telos guiados coa súa obra e co seu pensamento», sinalan.

Difundir a súa obra

Ante todos estes motivos, a AELG vía moi necesario a difusión do coñecemento da súa figura e obra, en especial entre as xeracións de xente nova, «sendo a súa palabra poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural», expuxeron.

O colectivo de escritores galegos tamén reivindicou o contacto permanente que a poeta mantivo sempre co pobo galego, así como o entendemento co mesmo, feitos recollidos nos seus textos.